



O que levamos perdido pola actual “prórroga”

PARTICIPACIÓN Coincidiremos todos e todas en que o acordo foi subscrito pola empresa e os seus socios sindicais sen ningunha participación dos traballadores e traballadoras, o texto non foi consultado nin referendado polo cadro de persoal, o proceso “express” levouse adiante **sen transparencia, sen información e sen a participación** dos propios afectados. Toda unha lección de democracia na toma de decisións dos nosos representantes.

Lembremos que a prórroga que temos vixente, e que remata o vindeiro 31 de decembro deste ano 2014, asinouse o 26 de marzo de 2013, incumprindo o recollido no Convenio Colectivo 2011-2013, onde na Cláusula 2 se indicaba que no caso querer prorrogar o convenio a negociación desta prórroga debería facerse no segundo semestre do 2013.

Para tratar de darlle legalidade a esta chapuza tiveron que modificar, durante a mesma negociación, o propio CC nesa Cláusula 2, demostrando unha vez máis que é papel mollado o que asinan. Porqué había tanta presa para prorrogar?

Se os traballadores e traballadoras non participamos da Negociación Colectiva os acordos que nos impoñan acabarán recortándonos de novo dereitos e salario. Dende a CIG reclamamos que o Comité Intercentros asuma a súa responsabilidade e encare unha Negociación Colectiva onde poidamos participar todos e todas e poidamos dar a batalla por mellorar as nosas condicións laborais. Non pode ser que a crise a teñamos que pagar a clase traballadora mentres os directivos se levan millóns de euros a esgalla.

NEGOCIACIÓN No texto da “prórroga”, realmente un novo convenio, pois empeorou moito as nosas condicións laborais, xa se nos impuxeron recortes salariais como a non aportación ao Plan de Pensións durante 15 meses (18 pagas), e perdemos tamén a posibilidade de cobrar a paga de produtividade vinculada ao OIBDA aínda que a situación económica mellorase.

Durante a negociación permanente seguimos perdendo dereitos:

- Acordo de **Clasificación Profesional** do 25 de xullo de 2013 e o Acordo de “desarrollo” desa Clasificación Profesional asinado o 6 de febreiro de 2014. Con estes acordos entréganselle á empresa todas as ferramentas necesarias para desregular as funcións e liquidar as categorías laborais. Imponse a mobilidade funcional que non é outra cousa que facer de todo, o noso traballo está cada vez menos valorado, para a empresa non somos traballadores e traballadoras cualificadas senón man de obra da que dispoñer segundo lle conveña, cambiándonos as actividades cando lle veña en gaña.

- Acordo das **dispoñibilidades**, asinado o 4 de setembro do 2013. Con este acordo é a empresa a que disporá do noso tempo, do que temos que estar na quenda de traballo e do tempo de lecer pois poderá impoñer a dispoñibilidade cando así o considere. Conseguen unha desregulación total do tempo de traballo, hoxe padecen esta situación os compañeiros de O+M que se ven obrigados a unha rotación de quendas onde non se lles respecta nin as 12 horas de descanso entre xornadas que se recolle no Estatuto dos Traballadores. Levando aos traballadores a unha situación que pon en risco a súa seguridade e saúde.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 28 de outubro de 2014